

**ACTA DA SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACION O DIA
23 DE FEBREIRO DE 2018**

Asistentes

SR. ALCALDE:

FRANCISCO GARCÍA SUÁREZ

CONCELLEIROS:

Polo BNG:

MARIA CRISTINA CID FERNÁNDEZ
BERNARDO VARELA LÓPEZ
MARÍA ELENA SUÁREZ ESTÉVEZ
MARÍA TERESA DEVESA GRAÑA
ALBERTO CONDE RODRÍGUEZ
MARÍA ISABEL POISA REY

MANUEL CID PÉREZ

Polo PP:

JOSÉ DANIEL RODICIO PÉREZ
MARIA DEL CARMEN PÉREZ GONZÁLEZ

Polo PSdeG-PSOE:

ZAIDA AUXILIADORA RODRIGUEZ CAMBA

SECRETARIO:

Don Maximino Jardón Pedras

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Allariz, cando son as VINTE HORAS 20.00) do dia VINTETRÉS de FEBREIRO do DOUS MIL DEZAOITO, previamente convocados, reuníronse os Sres. Concelleiros á marxe relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Francisco García Suárez, a fin de celebrar unha sesión ordinaria polo Pleno da Corporación.

Non asisten á sesión:

FRANCISCO ALEJANDRO PIÑEIRO LOSADA,
concelleiro do BNG.

LUZ DOPORTO REAL, concelleira do PP.

Previamente comunicaron a súa ausencia por razóns persoais.

Sen incidencias.

---&&&---

ORDE DO DIA

0. **Declaración institucional con motivo do pasamento de D. Luis Cid “Carriega”.**
1. **ACTAS.- Aprobación, se procede, do borrador da acta correspondente á sesión celebrada o 26.01.2018**
2. **Resolucións adoptadas pola alcaldía desde a última sesión.- Dar conta.**
3. **VENTA DE PARCELAS NO PARQUE EMPRESARIAL DE CHORENTE-SUI-1.- Aprobación de prego de condicións eco-advas e convocatoria de procedemento aberto: parcela 78 (Expte.: B2018.01).**
4. **VENTA DE PARCELAS NO PARQUE EMPRESARIAL DE CHORENTE-SUI-1.- Aprobación de prego de condicións eco-advas e convocatoria de procedemento aberto: parcelas 43 e 48 (Expte.: B2018.02).**
5. **Regulamento de depósito, custodia e devolución dos obxectos perdidos.- Aprobación inicial, se procede.**
6. **CONTRATACIÓN LOCAL.- Subministración. Adquisición dun vehículo para o servizo de medio ambiente para o programa RE.**
7. **Moción do BNG de apoio á folga/paro internacional de reivindicación feminista do 8 de marzo.**
8. **Moción do PP en relación ao 8 de marzo, día internacional da muller**
9. **Moción do PsdeG-PSOE sobre o día 8 de marzo, día da muller traballadora.**
10. **Moción do PsdeG-PSOE sobre apoio ás reivindicacións dos funcionarios de xustiza de Galicia.**
11. **Rogo e preguntas.**

---&&&---

0. Declaración institucional con motivo do pasamento de D. Luis Cid “Carriega”.

Pola unanimidade dos tres grupos políticos municipais presentes nesta Coporación local, reunidos en Xunta de Portavoces, acordouse facer un recoñecemento solemne en forma de declaración institucional para recordar e homenaxear a don Luis Cid “Carriega”, ao tempo que se agradece a presenza neste acto de familiares e amigos.

O texto da declaración institucional, lida polo Sr. Alcalde, declara:

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL

Diante do pasamento de Luís Cid “Carriega”, o pasado 12 de febreiro, o Pleno da Corporación Municipal de Allariz quere expresar publicamente o recoñecemento institucional pola súa traxectoria deportiva, e polo seu compromiso con Allariz, do que se sentía especialmente orgulloso.

Con esta declaración manifestámoslle as nosas condolencias a súa familia, e reafirmamos o expresado polo Pleno da Corporación Municipal, co motivo do outorgamento do seu nome ao Estadio de Fútbol da Cidade Deportiva do Seixo no ano 2005.

Carriega permanecerá na memoria colectiva de Allariz como un conveciño de extraordinarios méritos deportivos, pola súa labor de apoio ao deporte base da Escola Municipal e pola súa identificación pública e notoria co noso Concello.

Que o seu recordo sirva de estímulo e exemplo para todas e todos os deportistas allaricanos.

Allariz, 23 de febreiro de 2018

A lectura da declaración foi recibida cun caluroso aplauso por todos os concelleiros e concelleiras e polos veciños, amigos e familiares presentes na sesión.

Seguidamente, no nome de todos os veciños de Allariz e da Corporación, o Sr. Alcalde fixo entrega á familia de don Luis Cid “Carriega” do documento no que consta a declaración institucional.

Por último, un dos familiares presentes neste acto, tivo unhas palabras de agradecemento á Corporación local de Allariz.

1. ACTAS.- Aprobación, se procede, do borrador da acta correspondente á sesión celebrada o 26.01.2018

Apróbase, sen modificación alguna, por acordo unánime dos once concelleiros presentes na sesión, dos trece que legalmente integran esta Corporación local.

2. Resolucións adoptadas pola alcaldía desde a última sesión.- Dar conta.

Están a disposición dos grupos políticos no Libro de Decretos, na Secretaría, sinala o alcalde.

3. VENTA DE PARCELAS NO PARQUE EMPRESARIAL DE CHORENTE-SUI-1.- Aprobación de prego de condicións eco-advas e convocatoria de procedemento aberto: parcela 78 (Expte.: B2018.01).

Da conta a concelleira de promoción económica e 1ª tte de alcalde, Mª Cristina Cid Fernández, sinalando que con estas licitacións preténdese poñer á venda, en dous lotes, a parcela 78 e parcelas 43 e 48, que suman un total de 3.800 m² de solo industrial, o cal significa a instalación de novas empresas ou ampliación daas existentes no parque empresarial de Chorenate, cunha aposta por parte do grupo de goberno pola diversificación económica do concello mediante a creación de solo industrial que redundará, en definitiva, na creación de emprego. Os pregos de cláusulas xa son moi coñecidos polos grupos porque son os que xa se veñen utilizando dende fai tempo para a venda mediante poxa pública.

Polo grupo municipal do Partido Popular, o seu concelleiro, José Daniel Rodicio Pérez, sinala que a intención do seu grupo, evidentemente, é apoiar a aprobación dos pregos de cláusulas. Non obstante, quere sinalar que o primeiro lote é de 1.800 m² e o segundo, de 2.000 m², ó revés do que se acaba de

expoñer a concelleira. Eso solucionaríase se en cada ún dos expedientes se especificara de qué parcelas se trata e se podería engadir ou non á parcela que lle afecta. Tampouco costaría nada incluír a descrición das parcelas rexistradas no segundo expediente da mesma maneira que aparecen no primeiro.

Sinala o Alcalde que na orde do día xa figuran debidamente identificados os expedientes co seu correspondente número e código. Tamén se podería haber optado por facer un único prego porque, efectivamente, son idénticos. Pero non hai confusión algunha entre os lotes e os expedientes. Sobre a cuestión da inscrición rexistral das parcelas, o Alcalde sinala que os pregos están dictaminados favorablemente pola comisión informativa, as fincas son o resultado dunha procedemento de equidistribución inscrito no Rexistro da Propiedade e todas e cada unha delas están debidamente rexistradas.

O Secretario engade que, non ten inconveniente en facilitar as notas simples da inscrición rexistral; se se non se incorporación ós pregos é pola mera operativa administrativa de poder incorporar a súa descrición desde un texto aberto de *word* tal como figura no propio documento de equidistribución.

Polo grupo municipal socialista a súa concelleira, Zaida A. Rodríguez Camba, anuncia que o seu voto vai ser favorable non obstante, en canto á previsión de creación de novos postos de traballo poderíase ter en conta unha discriminación positiva a prol dos veciños de Allariz.

A concelleira de promoción económica sinala que dende a Área de Promoción Económica a todas as empresas e comerciantes ofrécense a bolsa de traballadores e traballadoras inscritas que, lóxicamente, son veciños e veciñas de Allariz, e ademais ofrécense as propias instalacións de promoción para facer precisamente esa selección de persoal e celebrar as entrevistas.

Polo exposto,

Visto o expediente tramitado.

De conformidade co dictamen da comisión de facenda do 20.02.2018;

O pleno, pola unanimidade, dos once concelleiros presentes na sesión, dos trece que legalmente integran esta Corporación local.

PRIMERO. Aprobar o expediente de contratación (B2018.01), mediante procedemento aberto, cun único criterio de adxudicación, ao mellor prezo, para enaxenar ao prezo mais alto (poxa pública), como único criterio de adxudicación, da parcela n.º 78, de propiedade municipal, descrita no Anexo I do prego, sita no Parque Empresarial de Chorente (SUI-1) de Allariz, con destino a usos industriais. En caso de empate no prezo, resolverase a favor do proxecto empresarial descrito no apdo b) da cláusula quinta do prego.

SEGUNDO. Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexirá o contrato de enaxenación.

TERCERO. Publicar o anuncio de licitación no Boletín Oficial de la Provincia e no Perfil de Contratante anuncio de licitación, para que durante o prazo de 8 días podan presentar as proposicións

que estimen pertinentes.

CUARTO.- Facultar ao Alcalde, tan amplamente como en dereito proceda para que proceda á execución deste acordo.

4. VENTA DE PARCELAS NO PARQUE EMPRESARIAL DE CHORENTE-SUI-1.- Aprobación de prego de condicións eco-advas e convocatoria de procedemento aberto: parcelas 43 e 48 (Expte.: B2018.02).

Polo exposto,

Visto o expediente tramitado.

De conformidade co dictamen da comisión de facenda do 20.02.2018;

O pleno, pola unanimidade, dos once concelleiros presentes na sesión, dos trece que legalmente integran esta Corporación local.

PRIMERO. Aprobar o expediente de contratación (B2018.02), mediante procedemento aberto, cun único criterio de adxudicación, ao mellor prezo, para enaxenar ao prezo mais alto (poxa pública), como único criterio de adxudicación, das parcelas n.º 43 e 48, de propiedade municipal, descritas no Anexo I do prego, sitas no Parque Empresarial de Chorente (SUI-1) de Allariz, con destino a usos industriais. En caso de empate no prezo, resolverase a favor do proxecto empresarial descrito no apdo b) da cláusula quinta do prego.

SEGUNDO. Aprobar o Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares que rexirá o contrato de enaxenación.

TERCERO. Publicar o anuncio de licitación no Boletín Oficial de la Provincia e no Perfil de Contratante anuncio de licitación, para que durante o prazo de 8 días podan presentar as proposicións que estimen pertinentes.

CUARTO.- Facultar ao Alcalde, tan amplamente como en dereito proceda para que proceda á execución deste acordo.

5. Regulamento de depósito, custodia e devolución dos obxectos perdidos.- Aprobación inicial, se procede.

Da conta o Alcalde sinando que o regulamento é un compromiso do grupo de goberno adquirido no propio pleno e polo tanto púxose a disposición dos grupos municipais para suxerencias e propostas a regulamentación que guiará o comportamento do concello, en particular, da Policía Local, sobre a custodia dos obxectos perdidos unha vez que no seu día xa se deu conta do roubo e desaparición de 4.000

euros que foran depositados por unha veciña que os atopara. O regulamento fundamentalmente define os requisitos que han de reunir os obxectos que poden depositarse, polo tanto tamén aqueles que non se poderán depositar, e polo tanto que non serán custodiados; tamén se regula o procedemento de admisión, fundamentalmente, para que as persoas que queiran facer entrega dos obxectos perdidos (carteiras, móbiles...) para identificar correctamente ás persoas e os criterios para manter a custodia e os medios de publicidade dos obxectos depositados que será establecida mensualmente.

De acordo co Código Civil tamén se establecen unha serie de condicións para proceder á devolución dos obxectos depositados ós halladores, por suposto ós propietarios se aparecen, e, en relación á problemática que podería darse, ou polo menos a que motivou esta iniciativa por parte do grupo de goberno de aprobar este regulamento, como é o diñeiro en efectivo depositado, tamén se establece un procedemento que evitará calquera circunstancia como a que ocorreu, na medida en que a custodia ata que sexa entregado ó seu dono, se aparecera, ou á persoa que o atopou, estará depositado nunha conta bancaria específica do concello dende o momento da súa entrega na oficina de obxectos perdidos. Os regulamentos, sinala o Alcalde, non son a solución máxica para todas as cuestións nin son capaces de cubrir todas as circunstancias que poideran darse, poden ser un paso positivo para que unha actividade habitual da Policía Local como é ésta teña unha regulación específica ao respecto, se ben moitas das normas xa son traslado das contidas no propio Código Civil. A normativa do regulamento na medida en que vai ser obxecto de información pública, e mesmo hoxe no propio Pleno, se se fan aportacións ou alegacións, a intención do grupo de goberno é votar favorablemente e sometelo a información pública.

Polo grupo municipal do Partido Popular, o seu concelleiro, José Daniel Rodicio Pérez, sinala que a intención do seu grupo vai ser a de votar favorablemente, non obstante, prantexa dúas cuestións: unha semántica e outra de pequeno detalle. No regulamento hai un apartado no que se dí que non se admitirán obxectos atopados fora de Allariz, pero pódese dar a circunstancia de que atopar algún obxecto que sexa de persoas naturais de Allariz, polo tanto podería facerse unha excepción no sentido de que “ non se admitirán obxectos atopados fora de Allariz... *salvo que existan indicios de que podan ser de propietarios ou veciños de Allariz.* Sobre a cuestión semántica o termo *hallador*, que non existe en galego, podería porse *achador*.

Polo grupo municipal socialista, a súa portavoz, Zaida A. Rodríguez Camba, entende que nos podemos felicitar por esta ordenanza que impedirá que no futuro acontezan sucesos como o acaecido fai pouco. Conviría tamén facer algunhas correccións ortográficas que aparecen no texto. P. ex. no segundo parágrafo, pode substituírse observada por por observado; no artigo 2.1 mudar termo municipal de Madrid por Allariz. No artigo 7 sobre os requisitos para devolver os obxectos ós seus propietarios poderíanse engadir os seguintes apartados:

1. *Se a conservación ou mantemento do obxecto depositado conleva algún gasto éste deberá ser sufragado polo propietario ou propietaria achadora antes de serlle devolto o mesmo, conforme ó disposto no artigo 615 do CC.*
2. *Se no proceso de devolución do obxecto o seu propietario ou propietaria achador ou achadora se teñen indicios da comisión dalgunha das conductas descritas no Código Penal as mesmas serán perseguibles de oficio.*
3. *Se o propietario ou propietaria achador ou achadora non comparecesen físicamente*

para facer efectiva a recollida do obxecto e a devolución do mesmo comportase algún coste o mesmo correrá por conta do beneficiario ou beneficiaria da devolución.

E tamén unha disposición transitoria.-

Cando entre en vigor a presente ordenanza darase coñecemento público de todos os obxectos depositados na oficina de obxectos perdidos con anterioridade a dita data que quenes teñen algún interés neles poidan exercitar os seus dereitos. Dita relación será publicada na web oficial do concello por un período de tres meses.

Intervén finalmente o Alcalde para sinalar que agora estamos cun texto concreto para exposición pública cunhas suxerencias que non hai inconveniente en incorporalas, ésta última disposición parece correcta, pero a transcripción de todas e cada unha das disposicións do Código Civil ao respecto haberá que incorporalas ou non na medida en que o propio Código xa as regula. Recordamos que o propio regulamento contempla unha publicación mensual dos obxectos achados co cual parece lóxico que cando entre en vigor se faga unha publicación desta natureza, por eso propoño que haxa unha aprobación definitiva expresa despois do trámite de información pública incorporando estas suxerencias, quedando facultado o Secretario para tal efecto e serán vistas na comisión informativa previa á aprobación definitiva.

Polo exposto,

Visto o expediente tramitado

De conformidade co dictamen da comisión de facenda do 20.02.2018;

O pleno, pola unanimidade, dos once concelleiros presentes na sesión, dos trece que legalmente integran esta Corporación local.

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o regulamento de depósito, custodia e devolución dos obxectos perdidos do Concello de Allariz.

SEGUNDO. Abrir un trámite de información pública e audiencia ós interesados por prazo de trinta días hábiles para presentación de reclamacións e suxerencias mediante anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios na páxina web oficial do concello de Allariz www.allariz.gal. O prazo empezará a contarse a partir do día seguinte ó da publicación do anuncio no BOP.

TERCEIRO. Todas as reclamacións e suxerencias presentadas dentro do prazo serán resoltas polo Pleno da corporación no acordo de aprobación definitiva. Se non se presentaran reclamacións ou suxerencias durante o período de información pública elevarase a definitivo o o presente acordo inicial sen necesidade da adopción dun acordo expreso.

CUARTO. Facultar ó Alcalde tan amplamente como en dereito proceda para a execución do presente acordo.

6. CONTRATACIÓN LOCAL.- Subministración. Adquisición dun vehículo para o servizo de medio ambiente para o programa RE.

Da conta o concelleiro de medio ambiente, 2º tte de alcalde, Bernardo Varela López, sinalando que na comisión de facenda xa se dictaminou a prego de cláusulas administrativas particulares reguladoras do procedemento negociado para a adxudicación dun contrato de subministración dun vehículo non compactador para a recollida de residuos. Básicamente, do que se trata é de garantir, como se dixo nunha sesión plenaria anterior, a posibilidade de reciclaxe e recuperación do lixo producido. Os datos que se están obtendo son moi positivos, xa estamos a falar agora mesmo do ano 2017 con 42 kg por habitante ano de materia orgánica recuperada; uns 20 kg aprox. tanto de papel cartón como de embases tamén recuperados e uns 34 kg recuperados de vidro por habitante e ano, que son datos que nos colocan moi por enriba da media, tanto galega como española. Pero aínda queda moitísimo camiño por andar, estaríamos entorno dun 40% de reciclado do lixo que se produce hoxe en Allariz e polo tanto quedaría un 60%, que significa moito traballo por facer ata acadar as porcentaxes que se dan noutras partes de Europa que chegan ó 80%.

Para conseguir estes obxectivos, o ano pasado solicitouse unha subvención do Ministerio de Medio Ambiente e Agricultura a través do programa PIMA que básicamente trata de reducir a produción tanto de residuos orgánicos como de aceite de freiduría usado para tratar de reducir as emisións de CO2 que é unha batalla que se está a dar agora mesmo. A solicitude que se fixo foi por un importe total de 70 mil euros e incluía a adquisición dun camión non compactador, sobre todo na idea, como tamén se trasladou no anterior pleno, de reciclar a materia orgánica dos grandes produtores, especialmente os locais de hostelería, froiterías, supermercados, floristerías, etc. Este vehículo non compactador sería ou ben un pequeno camión con caixa ou ben un furgón grande de ata 3.500 kg e cunhas limitacións de ancho dada a intrincada rede viaria do casco histórico que limita a accesibilidade dos vehículos. A través do programa PIMA foinos concedida unha subvención, a mais importante de todos os concellos da provincia de Ourense, de 52.000 euros que, evidentemente non chega ós 70 mil que se solicitaran pero o concello cubrirá a diferenza.

O vehículo está pensado básicamente para esa recollida, solicitamos que teña unha configuración mínima coa capacidade de recollida de 20 contedores dos que están previstos para a recollida desta materia orgánica e permitiría tamén recoller o vidro nos locais do casco histórico que queden moi alonxados dos colectores do vidro en xeral. En definitiva, sinala, as características do vehículo fan que o prego quede bastante aberto, de feito permite dirixirnos a bastantes concesionarios para que podan facer a mellor oferta valorando o apartado económico, a garantía, a celeridade da entrega, posto que hai interés en que se entregue o antes posible e tamén a potencia, capacidade de carga, etc. Todos os grupos, mais os técnicos municipais, estarán presentes na Mesa de Contratación e agarda que con esta adquisición se podan cumprir estas expectativas para seguir mellorando a capacidade de reciclaxe que hai no concello.

Polo grupo municipal do Partido Popular, o seu concelleiro, José Daniel Rodicio Pérez, sinala que, en principio, son favorables á aprobación do prego presentado unicamente quere saber se o procedemento negociado sen publicidade é posible que dos 115 puntos que se poñen no baremo de puntuación que a puntuación non económica sexa superior á económica.

Non hai inconvinte legal, sinala o Secretario.

Polo grupo socialista non hai intervención.

Polo exposto,

Visto o expediente tramitado

De conformidade co dictamen da comisión de facenda do 20.02.2018;

O pleno, pola unanimidade, dos once concelleiros presentes na sesión, dos trece que legalmente integran esta Corporación local.

PRIMEIRO. Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, da subministración dun vehículo non compactador, tipo camión de pequeno tamaño ou furgón, para a recollida dos colectores de residuos, coas características que se definen no prego de prescricións técnicas que figura como Anexo do prego de cláusulas administrativas particulares.

SEGUNDO. Autorizar, en contía de 30.000 euros, o gasto que para este concello representa a devandita contratación da subministración por procedemento negociado sen publicidade, con cargo á aplicación 1631.624.00 do estado de gastos do orzamento municipal deste concello para o exercicio 2018.

TERCEIRO. Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas que rexerán o contrato de subministración do vehículo por procedemento negociado sen publicidade.

CUARTO. Solicitar ofertas, polo menos, a tres empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato, sempre que iso sexa posible.

QUINTO. Publicar a composición da mesa de contratación no perfil do contratante do concello de Allariz www.allariz.gal cunha antelación mínima de sete días con respecto á reunión que se deba levar a cabo para a cualificación da documentación referida no artigo 146.1 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.

Así mesmo, no citado perfil do contratante tamén se publicarán integramente os pregos de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas.

7. Moción do BNG de apoio á folga/paro internacional de reivindicación feminista do 8 de marzo.

Deu conta a concelleira de benestar social, María Isabel Poisa Rey, da moción de data 19.02.2018, cuxo texto establece:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O vindeiro 8 de marzo, o movemento feminista apoiado por diversas asociacións, colectivos políticos, sociais e sindicais, convoca unha folga/paro en máis de 50 países, reivindicando a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

Foi no 1857 cando unhas obreiras do téxtil saíron por primeira vez ás rúas de Nova Iork, reivindicando millores condicións de traballo. No 1908 outras obreiras, tamén en Nova Iork, reivindicaron igualdade salarial e diminución de xornada laboral. É aínda no 2018 cando seguimos a reivindicar o mesmo que aquelas mulleres pioneiras.

Na Galiza poderíamos nomear a moitas mulleres que ao longo da historia, loitaron a prol dos dereitos da muller, pero hoxe e dada a proximidade da data do seu nacemento debemos nomear expresamente a Rosalía de Castro.

O BNG apoia a folga e os paros que ao longo de todo o país están convocados para ese día, porque consideramos que aínda que polo camiño se foron conseguindo logros, por desgraza, queda moito por reivindicar:

Equiparación salarial, cargos de responsabilidade, maior presenza da muller en campos como a cultura e a ciencia, deixar de tratar á muller como mero obxecto sexual, acabar co tráfico de miles de mulleres e nenas para o sucio negocio do sexo, unha lexislación que contemple de verdade a liberdade da muller para levar a cabo a interrupción voluntaria do embarazo (ive). Unha lexislación que ampare (pero sin vitimizar) as mulleres contra a violencia de xénero, que protexa ás fillas e fillos das mulleres asasinadas, e por suposto contundencia e axilidade nas penas contra os maltratadores e asasinos de mulleres.... Poderíamos seguir nomeando miles de motivos.

Estas mobilizacións, reivindican o cambio do modelo patriarcal por modelos de igualdade, xusticia, pariedade, liberdade e diversidade.

Por iso, o BNG solicita do pleno da corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1. Apoiar a folga e/ou paro das mulleres dende esta institución.
2. Facilitar e dar difusión das manifestacións, concentracións e actividades convocadas polas asociacións de mulleres para o 8 de marzo.
3. Comprometerse á seguir loitando pola igualdade.

Antes de darlle a palabra ós grupos municipais, na medida en que todos teñen presentado mocións, o Alcalde explica que por parte do BNG ofrécese a posibilidade de admitir transaccións por parte dos grupos popular e socialista. Concretamente, en relación ó grupo municipal do Partido Popular non habería inconvinte, sinala o Alcalde, se hai apoio á moción do BNG, en incorporar todas as demandas nas que se insta ó concello de Allariz, citadas no apartado primeiro, que entende que son as peticións substanciais, ésa sería a transacción que lle propón ó Partido Popular. En relación ó grupo municipal socialista estaría disposto, se aproba a moción do BNG, incluír o Parlamento galego (punto 4) ademais do Congreso dos Deputados. A outra posibilidade é debater cada unha das mocións e votalas separadamente, ou ben como, como se propón, intentar algún tipo de acordo transaccional.

Polo grupo municipal do Partido Popular, a súa concelleira, Maria del Carmen Pérez González, manifesta estar completamente de acordo coa proposta que fai o BNG.

O Alcalde propón entón que polo menos se dé lectura á parte resolutiva da súa moción.

A concelleira da lectura a algúns dos apartados da moción presentada polo seu grupo, incluídaa parte resolutiva, tal como se expresa a continuación:

Un dos piares fundamentais na construción das políticas de igualdade, afirma a concellería do grupo municipal do Partido Popular, é a necesidade de garantir o acceso, a permanencia e a promoción no emprego en iguais condicións de oportunidades, así como garantir a elección libre de proxecto de familia e a compatibilidade deste co desenvolvemento profesional.

A conciliación, tradicionalmente, foi entendida como un ámbito a resolver polas mulleres, tamén moitas e, aínda na actualidade, víronse na tesitura de escoller entre a súa vida profesional e a familiar.

Hoxe en día, a conciliación e a xestión de traballos e de tempos é un problema que debe ser resolto tanto polos homes coma polas mulleres e, debe ser facilitado e impulsado polas distintas administracións. A tal fin, a Xunta de Galicia ven de convocar, unha liña de axudas para as entidades locais de Galicia, cuxo obxectivo enmárcase no compromiso formal e prioritario da Unión Europea. Falamos tamén, nun chanzo máis, de corresponsabilidade, entendendo esta como a participación alícuota dos distintos membros das unidades de convivencia nos traballos domésticos e de coidado.

Resulta imprescindible e necesario, que o asociacionismo feminino e a administración vaian da man no traballo en prol da igualdade, e para iso deben establecerse medidas que aseguren a súa pervivencia e sustentabilidade económica e xeracional, e que faciliten as súas importantes actividades, que reverten no só nas súas asociadas senón en toda a sociedade. Neste senso, é necesario tamén destacar o papel de cohesión e sonoridade destas asociacións, que constrúen e articulan auténticas redes de colaboración que reforzan e dan continuidade ao traballo colectivo en prol da igualdade.

Por todo isto, o Grupo Municipal Popular do Concello de Allariz solicita ao Pleno a adopción dos seguintes ACORDOS:

1. Instar ao Concello de Allariz a:
 - b) Profundizar na transformación dos valores que reproducen a desigualdade de xénero, a través de campañas e accións de sensibilización e información o conxunto da cidadanía sobre as ventaxas sociais da conciliación corresponsable.
 - c) Poñer en valor e dar visibilización a contribución feminina neste concello, a través da posta en marcha dun programa anual de recoñecemento ao labor, traballo e talento das mulleres que contribuíron o desenrolo cultural, económico e social de Allariz

- d) Promover unha comunicación libre de mensaxes e imaxes que reproduzcan estereotipos de xénero e potenciar a transmisión de contidos que fomenten a corresponsabilidade, coa implicación dos diferentes axentes.
- e) Consolidar un sistema de apoios á conciliación dirixidos á atención á infancia, ao coidado de persoas maiores, persoas con discapacidade e/ou situación de dependencia en colaboración ca Xunta de Galicia.

2. Así mesmo, instar ao concello de Allariz a dirixirse á Xunta de Galicia e instala a:

- a) Continuar e mellorar as liñas de axuda para as Entidades Locais en colaboración ca Federación Galega de Municipios e Provincias, co obxectivo de mellorar os recursos a disposición da cidadanía en prol da Igualdade de Xénero.
- b) Seguir na procura do fortalecemento do tecido asociativo feminino en xeral e, moi particularmente no ámbito rural, a través de liñas de axudas e programas.
- c) Realizar campañas de divulgación e visibilización da contribución das mulleres galegas nos ámbitos da cultura, a ciencia, o deporte, así como noutras especialidades, como referentes necesarios para a sociedade en xeral e a mocidade en particular.

Polo grupo municipal socialista, a súa portavoz, Zaida A. Rodríguez Camba, antes de aceptar a proposta transaccional que propón o Alcalde, quere saber se os concelleiros do grupo municipal do Partido Popular se van aceptar a proposta de ir á folga do día 8 de marzo.

Sí, responde a concelleira do Partido Popular.

A continuación a portavoz sinala que no Día 8 de Marzo, o Grupo Municipal Socialista manifesta, un ano máis, o seu compromiso coas mulleres, coa defensa dos seus dereitos e coas políticas de igualdade como instrumento para avanzar cara unha sociedade democraticamente máis xusta e equilibrada na toma de decisións entre homes e mulleres.

Recoñecemos os avances que ao longo das décadas se desenvolveron no noso país en materia de igualdade, pero ao mesmo tempo certificamos os retrocesos e recortes que se veñen producindo nas políticas de igualdade, especialmente no ámbito local debido ao cambio lexislativo que modificou substancialmente o ámbito de competencias dos Concellos nestas áreas.

Non pode haber unha sociedade verdadeiramente democrática se non somos capaces de eliminar os comportamentos e actitudes machistas que atentan contra máis da metade da poboación. E ese machismo, froito do patriarcado máis rancio e máis prexudicial para as mulleres esténdese en todos os ámbitos, dende o familiar, social e laboral ata a máis cruel das manifestacións como é a violencia de xénero que se exerce cara ás mulleres.

Unha sociedade libre de machismo é o noso obxectivo. Por iso, con motivo da conmemoración do 8 de Marzo, desde o Grupo Municipal Socialista seguimos reclamando medidas e políticas para un verdadeiro cambio social que supoña unha profunda transformación estrutural na que as mulleres sexan protagonistas e copartícipes.

Neste senso, unha das maiores desigualdades que viven as mulleres é a que se corresponde ao ámbito laboral, por iso, desde o Grupo Municipal Socialista apoiamos que o noso país conte cunha Lei de Igualdade Laboral que contribúa a erradicar as diferentes situacións de discriminación que teñen as mulleres no acceso ao emprego, a promoción profesional, a eliminación da brecha salarial, que xunto á precariedade e a temporalidade, conforman a columna vertebral da desigualdade laboral das mulleres.

O Grupo Municipal Socialista valora positivamente a iniciativa proposta polos dous sindicatos maioritarios (UXT e CC.OO) de convocatoria por primeira vez dun paro laboral de dúas horas na xornada do día 8 de marzo, apoiando dita convocatoria, e instando aos demais Grupos Municipais, a os e as traballadoras a sumarse á devandita iniciativa, como unha medida de concienciación e reivindicación ante a situación xeneralizada de desigualdade laboral que teñen as mulleres neste país e porque son as organizacións sindicais as que poden convocar un paro con arranxo á Lei.

Porque as mulleres sufriron e seguen sufrindo en maior medida as consecuencias da crise.

Porque as mulleres teñen de ganancia media anual preto de 6 puntos menos de diferenza con respecto á dos homes. Porque a taxa de actividade das mulleres é preto de 10 puntos menor que a dos homes. Porque a taxa de paro das mulleres é máis de 4 puntos por encima que a dos homes. Porque o traballo a tempo parcial nas mulleres representa aproximadamente un terzo máis que o dos homes. Porque a brecha salarial sitúase de media nun 23% en detrimento do salario das mulleres. Porque a taxa de emprego entre mulleres redúcese co número de fillos fronte á dos homes que aumenta. Porque as pensións das mulleres son de menor contía que as dos homes.

Por todas estas razóns e en definitiva porque a pesar dos avances en políticas de igualdade, aínda persisten graves discriminacións de xénero e estereotipos de carácter sexista que impiden ás mulleres participar en igualdade de condicións en todos os ámbitos da sociedade, desde o Grupo Municipal Socialista instamos aos demais Grupos Municipais do Concello de Allariz á aprobación polo Pleno dos seguintes ACORDOS:

1.- Demandar do equipo de goberno municipal, a elaboración dun estudo/informe sobre a situación laboral e salarial dos traballadores e as traballadoras do Concello, no que se recollan ademais as medidas adoptadas en materia de igualdade laboral ou as que se teñan que establecer no seu caso, ao obxecto de erradicar as posibles discriminacións nesta materia.

2.- Que se acorde a revisión e actualización do plan municipal para a igualdade entre homes e mulleres do Concello de Allariz.

3.- Sumarse á iniciativa dos Sindicatos maioritarios (UXT e CC.OO) de convocatoria de paro de dúas horas ho día do do 8 de marzo, como unha medida máis de concienciación e sensibilización sobre a situación de discriminación das mulleres no ámbito laboral e en todos os ámbitos da sociedade.

4.- O Pleno do Concello solicita aos Grupos Parlamentarios representados no Congreso dos Deputados a presentación e aprobación dunha Lei de Igualdade Laboral, así como dar traslado deste acordo aos Grupos Parlamentarios no Congreso dos Deputados.

Intervén a continuación o Alcalde para reiterar a súa oferta transaccional (o concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, José Daniel Rodicio Pérez, pide saber cómo quedaría o acordo que se propón). O Alcalde sinala que a oferta consiste en que se aprobaría o texto da moción do BNG incorporando na parte resolutiva ademais dos tres puntos propios da moción o apartado primeiro íntegro, incluídos os catro subapartados, da moción do PP.

Con respecto á moción do grupo municipal socialista o apartado 2º entende que non é lóxico que se revise plan municipal para a igualdade entre homes e mulleres do Concello porque ten unha vixencia de dous anos, ata o 2019, e non parece lóxico que se someta agora a revisión, sen prexuízo de manifestar a súa disposición a aceptar as suxerencias que se estime. Con respecto ó apartado 3º, entende que ademais dos sindicatos que se citan na moción (UXT e CC.OO) a CIG tamén é un sindicato maioritario en Galicia, e como tal xa aparece na moción do BNG. Con respecto ó apartado 4º o BNG propón que ademais de dar traslado ós grupos parlamentarios do Congreso dos Deputados tamén se dé traslado ós grupos parlamentarios do Parlamento de Galicia.

O concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, José Daniel Rodicio Pérez, manifesta expresamente que está de acordo coa proposta, co cal entende que da moción do grupo municipal socialista incorporáranse os apartados 1 e 4 da parte resolutiva.

Antes de someter a moción a votación, coas transaccións propostas e aceptadas, a portavoz do grupo municipal socialista, Zaida A. Rodríguez Camba, quere aproveitar o turno de réplica en relación coa moción do Partido Popular para sinalar que lle sorprende moito que os compañeiros do Partido Popular presenten unha moción para o día 8 posto que hai uns días escoitamos ó Presidente do Goberno unha frase moi chamativa que reflexa por onde van as políticas do Partido Popular “non nos metamos neste”. Pensa a portavoz que non son creíbles nin confiábeles; as políticas rancias do PP están a expulsar as mulleres do mercado de traballo. Estamos ante un goberno vacío de ideas, de sensibilidade e de exemplaridade. Fai súas as reflexións da Plataforma Galega 8M en relación coa derradeira bufonada do Presidente da Deputación de Ourense. Rexeitan declaracións institucionais valeiras de compromisos políticos reais orzamentarios e serios. Trátase dunha acción propagandística para lavar a cara e a conciencia. O PP ten demostrado o nulo compromiso na loita das mulleres polos seus dereitos, só pretenden un lavado de imaxe institucional polos recentes acontecementos xudiciais. “Feijoo vincula o apoio de Baltar á folga do 8M coas críticas que tivo de acoso sexual” (dito polo presidente da Xunta, afirma). O seu comunicado oficial os define claramente: folga insolidaria, elitista e que busca o enfrontamento. “El PP dice que la huelga del día de la mujer es insolidaria, elitista y busca el enfrentamiento”. Sinala a portavoz que non podía deixar pasar estas reflexións porque entende que non é moi coherente por parte do Partido Popular, pero non vai entrar no que os demais grupos políticos municipais presenten, conclúe.

Intervén finalmente o Alcalde para sinalar que, independentemente das opinións que se podan expresar en relación a esas declaracións, o BNG, na medida en que hai un apoio á moción presentada polo BNG, que ten unhas partes resolutivas claras, non lle van discutir a posibilidade de poder facelo,

valora incluso de xeito positivo que o grupo municipal do Partido Popular de Allariz o queira facer. Está de acordo en que é necesario facer un cambio de políticas en relación coa desigualdade que están a sufrir as mulleres, especialmente no plano laboral, pero non van facer recriminacións polo feito de que queiran apoiar a moción, independentemente de que haxa opinións coas que coincide para criticar as declaracións do presidente do Goberno ou outras como as que o propio Alcalde de Ourense ven de facer, pero eiquí estamos en Allariz, no pleno da corporación e polo tanto é a este debate ao que nos limitamos.

Polo grupo municipal do Partido Popular, por alusións, a súa concelleira, Maria del Carmen Pérez González, sinala que, polo que parece, neste debate no que todos están de acordo, sen embargo hai alguén que non sabe quen é a oposición. Dito isto, a concelleira afirma que o artigo 28 do Estatuto dos Traballadores fala de igualdade de remuneración por razón de sexo ó establecer que *o empresario está obrigado a pagar pola prestación dun traballo de igual valor a mesma retribución, satisfeita directa ou indirectamente, e calquera que sexa a natureza da mesma, salarial ou extrasalarial, sen que poida producirse discriminación algunha por razón de sexo en ningún dos elementos ou condicións daquela*. A eso se referiría o Sr. Presidente do Goberno cando afirmou que non era o momento de falar de eso.

Seguidamente, para terminar a súa intervención, afirma que o grupo municipal do Partido Popular quere reafirmar o seu compromiso coa igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, e recoñecer o traballo das mulleres que tanto de forma individual como colectiva permitiron que se alcanzase a igualdade ante a lei, así como a erradicación das distintas formas de discriminación que impiden ás mulleres o exercicio pleno dos seus dereitos.

En segundo lugar sinalar que hai un mes o Grupo Municipal Popular presentou unha moción a favor da prisión permanente revisable, que inclúe os supostos de delitos cando exista especial vulnerabilidade da vítima e os delitos subseguintes aos labores contra a liberdade sexual. A pesar diso, a moción presentada non obtivo apoios para a súa aprobación, e mesmo o señor alcalde, tentando defender a súa postura de que o código penal é excesivamente severo, aproveitou para mencionar na súa intervención final que lle parecían excesivamente duras as penas de sedición, asunto que se ía polos cerros de Úbeda porque en ningún momento menciónase ese delito no que se estaba tratando. Hoxe en cambio vemos como se insta a impor contundencia e axilidade nas penas contra maltratadores e asasinos de mulleres. Pois resulta que estamos de acordo, pero xa pensamos así desde hai máis tempo que vostedes, incluíndo ademais a violadores e pederastas.

Para terminar, de forma moi breve, hoxe queremos honrar ás primeiras alcaldesas de España. Como sempre que hai poucos datos documentais, non hai consenso e varias localidades atribúense o ser pioneiras en pór á fronte da administración local a unha muller, e sen ánimo de discutir cos historiadores, simplemente vou nomear ás que se disputan este primeiro posto.

Dona Matilde Pérez Mollá, nomeada por unanimidade o 27 de outubro de 1924, durante o goberno de Primo de Rivera. Destacou polos seus esforzos de transparencia nos orzamentos municipais, pois nada máis acceder ao cargo, nunha acta do 5 de novembro, aparece unha detallada relación de ingresos e gastos do municipio, para discutilos e amoldarlos á lei municipal vixente e expolos durante quince días para posibles reclamacións. Levou a luz eléctrica ás casas e rúas do pobo, arranxou estradas e creou un centro de educación para adultos.

Dona Concepción Pérez Igrexas foi nomeada alcaldesa de Portas, a vinte quilómetros de Pontevedra, o 09 de xaneiro de 1925. O seu nomeamento apareceu nas páxinas de La Voz de Galicia nunha columna baixo o título "Feminismo en acción. A primeira muller galega alcalde" onde se apuntaban as cualidades das mulleres galegas para intervir na vida pública.

Dona Petra Montoro Romeu, nomeada alcaldesa de Sorihuela de Guadalimar en Xaén o 23 de agosto de 1925. Moi querida polos seus veciños, na Guerra Civil, hordas republicanas baixo as ordes de Margarita Nelken, militante socialista que se opuxo ao voto feminino nas cortes españolas, saquearon o pobo e torturaron e asasinaron os veciños, homes, mulleres e nenos. Petra, xunto coas súas irmás Natalia e Marta, foron mutiladas, incluso chegando a cortarlle as orellas, violadas sen respectar sequer a súa avanzada idade, pois todas rozaban os 70 anos e posteriormente asasinadas.

A todas elas, o noso recordo e homenaxe, conclúe.

Intervén finalmente o Alcalde para sinalar que, en todo caso, insiste en algo que xa expresou a concelleira de benestar á hora de defender a moción do BNG: nesta celebración do 8 de marzo hai unha reivindicación apoiada polo Movemento Feminista como outras organizacións que lle dan apoio en mais de 50 países e que fai fincapé no paro convocado para centrar estas reivindicacións do 8 de marzo na desigualdade entre homes e mulleres especialmente no ámbito laboral. Na medida en que ésa é a reivindicación fundamental por parte do BNG faise un esforzo na incorporación de propostas que estaban presentes nas outras mocións e dende esa perspectiva, postos a homenaxear, mañá celebramos o día de Rosalía de Castro que é sen dúbida o mellor referente que podíamos ter de orgullo galego, de defensa do país, e tamén desde unha perspectiva claramente para os dereitos da muller nunha época que ela representaba claramente moi avanzada. Aínda que haxa discrepancias entre os grupos municipais ó respecto de cómo afrontar a loita pola igualdade, hai unha coincidencia nestes aspectos aos que antes se fixo mención, alégrase que así sexa con independencia de que se manteña o debate en cómo avanzar no futuro para conseguir o obxectivo da igualdade.

Finalmente, por acordo unánime dos once concelleiros presentes na sesión, dos trece que legalmente integran esta Corporación local, acórdase aprobar a moción de data 19.02.2018 presentada polo BNG de apoio á folga/paro internacional de reivindicación feminista do 8 de marzo que inclúe a exposición de motivos exposta pola concelleira de benestar, transcritos anteriormente e unha parte resolutiva que integra os tres apartados da moción do BNG, o apartado 1º íntegro, incluídos os catro subapartados da presentada polo Partido Popular e os apartados 1º e 4º (incluíndo dar traslado ós grupos parlamentarios do Parlamento de Galicia, segundo propón o BNG) da moción presentada polo grupo municipal socialista, quedando a parte resolutiva redactada nos seguintes termos:

ACORDO:

- 1. Apoiar a folga e/ou paro das mulleres dende esta institución.*
- 2. Facilitar e dar difusión das manifestacións, concentracións e actividades convocadas polas asociacións de mulleres para o 8 de marzo.*
- 3. Comprometerse á seguir loitando pola igualdade.*

4. Instar ao Concello de Allariz a:

- f) *Profundizar na transformación dos valores que reproducen a desigualdade de xénero, a través de campañas e accións de sensibilización e información o conxunto da cidadanía sobre as ventaxas sociais da conciliación corresponsable.*
- g) *Poñer en valor e dar visibilización a contribución feminina neste concello, a través da posta en marcha dun programa anual de recoñecemento ao labor, traballo e talento das mulleres que contribuíron o desenrolo cultural, económico e social de Allariz*
- h) *Promover unha comunicación libre de mensaxes e imaxes que reproduzcan estereotipos de xénero e potenciar a transmisión de contidos que fomenten a corresponsabilidade, coa implicación dos diferentes axentes.*
- i) *Consolidar un sistema de apoios á conciliación dirixidos á atención á infancia, ao coidado de persoas maiores, persoas con discapacidade e/ou situación de dependencia en colaboración ca Xunta de Galicia.*

5. Demandar do equipo de goberno municipal, a elaboración dun estudo/informe sobre a situación laboral e salarial dos traballadores e as traballadoras do Concello, no que se recollan ademais as medidas adoptadas en materia de igualdade laboral ou as que se teñan que establecer no seu caso, ao obxecto de erradicar as posibles discriminacións nesta materia.

6. O Pleno do Concello solicita aos Grupos Parlamentarios representados no Congreso dos Deputados a presentación e aprobación dunha Lei de Igualdade Laboral, así como dar traslado deste acordo aos Grupos Parlamentarios no Congreso dos Deputados e do Parlamento de Galicia.

Os apartados 8 e 9, que se refiren ás moción do PP e do PsdeG-PSOE, despois das enmendas transaccionais aceptadas, xa non son obxecto de debate específico.

10. Moción do PsdeG-PSOE sobre apoio ás reivindicacións dos funcionarios de xustiza de Galicia.

Da conta da moción da data 20.02.2018 a portavoz Zaida A. Rodríguez Camba, nos seguintes termos:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Concello de Allariz

Praza Maior, 1, Allariz. 32660 (Ourense). Tfno. 988 440 001. Fax: 988440078

O 16 de novembro de 2017 os traballadores e traballadoras da Administración de Xustiza facían concentracións diante das sedes xudiciais das sete principais cidades de Galicia para reclamar algo tan básico ao Goberno Galego como o feito de acabar coa discriminación que sofren os funcionarios/as deste sector no noso país con respecto aos doutras comunidades autónomas.

A negativa dos máximos dirixentes da Xunta de Galicia e do Partido Popular a escoitar a xusta reivindicación destes traballadores/as e a sentarse a negociar en serio unha solución, derivou na convocatoria os días 1 e 13 de decembro dunha folga do sector.

Debido a estas mobilizacións e á presión política exercida no Parlamento de Galicia polo PSdeG-PSOE e o resto de grupos da oposición, o Grupo Popular, co Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, Alfonso Rueda, á cabeza, votaba a favor das reivindicacións deste colectivo, lográndose así, polo menos sobre o papel, un apoio unánime da cámara galega aos traballadores/as de Xustiza.

Posteriormente, a partires do 19 de decembro, na sede do Consello Galego de Relacións Laborais celebrábanse 3 xuntanzas para acadar un acordo nos 5 puntos esixidos ata que, de novo, o señor Rueda amosou a súa dobrez, non respectando a decisión unánime do pleno do Parlamento que el mesmo votara e demolendo os tímidos avances acadados pola mediación da presidenta do Consello Galego de Relacións Laborais.

Todo isto aboca a unha nova xornada de folga o día 25 de xaneiro, transformada logo do 7 de febreiro na actual folga indefinida que está a vivir a Administración de Xustiza, e que está a ocasionar xa, pola cerrazón e inmovilismo do Goberno de Feijóo e, particularmente do seu Vicepresidente, Alfonso Rueda, serios inconvenientes ao conxunto da cidadanía galega.

Serios polos retrasos que se están a vivir, pero serios tamén porque o efectivo goce de Dereitos e Liberdades e o crecemento económico que diso se deriva fan imprescindible contar cun bo sistema de Xustiza.

Pese a isto, nos últimos anos a Xunta de Galicia non soubo facer fronte á crise económica e tentou capear o temporal, como en tantos outros campos, realizando unha xestión ineficiente e optando polo camiño máis fácil, pero máis destrutivo para os dereitos da cidadanía: recortes de persoal, redución de salarios aos funcionarios/as, que entre 2013 e 2016 perderon de media o equivalente a 3 pagas extraordinarias.

En definitiva, atopámonos nun momento de grave risco para o funcionamento eficaz do servizo público de Xustiza no noso país, as políticas da Xunta, baixo a escusa da austeridade, están a derivar as súas prestacións en favor de intereses privados, temos un servizo ineficaz e ineficiente da Oficina Xudicial e, como consecuencia, órganos xudiciais saturados e un funcionariado mal distribuído e explotado ao ter que asumir unha carga de traballo extra debido á escaseza de persoal e recibir por iso, aínda por riba, un salario inferior ao que reciben os seus homólogos no resto de comunidades autónomas.

Ante todo elo, é de xustiza que a cidadanía amose todo o seu apoio ás traballadoras e traballadores deste sector, que non poden consentir que os seus dereitos sigan minguándose e con eles, tamén os dereitos de todos e todas nós. Por iso, debemos solidarizarnos cunhas reivindicacións que

cremos máis que xustas, como son, a equiparación en baixas médicas con Xuíces, Letrados Xudiciais e Fiscais, a devolución de partidas salariais que lles foron recortadas entre 2013 e 2016, os descontos por incapacidade laboral ou substitucións e creación das prazas ocupadas por funcionarios de reforzo, equiparación salarial entre persoal fixo e substitutos, así como o complemento autonómico transitorio, coa fin de diminuír a discriminación salarial que sofren as nosas funcionarias e funcionarios respecto dos do sector noutros territorios do Estado.

Polo tanto, por todo o sinalado anteriormente, o grupo municipal do PS^{de}G-PSOE presenta a seguinte:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

A Corporación Municipal de Allariz, acorda:

1. *Amosar o seu apoio á convocatoria de folga e ás xustas reivindicacións laborais dos traballadores e traballadoras da Administración de Xustiza de Galicia.*
2. *Instar á Xunta de Galicia e, nomeadamente, ao seu Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, Alfonso Rueda, a escoitar a eses traballadores/as e a negociar unha solución que poña fin á súa discriminación e permita devolver á normalidade o funcionamento das sedes xudiciais do noso país.*

Intervén a continuación o Alcalde para sinalar que o BNG xa ten expresado o seu apoio ás xustas reivindicacións dos traballadores de Xustiza no ámbito parlamentar e polo tanto coinciden nos criterios fundamentais que a moción contempla e contará co seu apoio, un apoio que é xusto na medida en que a crise económica repercutiu e foi pagada polos traballadores e, dentro do grupo de traballadores, os funcionarios públicos teñen sido dos colectivos nos que a perda de poder adquisitivo, a conxelación de salarios, a conxelación de oferta de emprego público ten sido mais evidente, mesmo a redución ou eliminación das pagas extras no seu momento. Nese aspecto, cree que tamén é xusto facer esa reivindicación e apoiar que o estado de benestar non se pode basear exclusivamente nos recortes de servizos públicos e no recorte dos dereitos laborais e no recorte das prestacións económicas dos traballadores e funcionarios senón que obviamente ten que ter un equilibrio e un respecto ó que son estes dereitos, por eso anuncia o apoio do BNG a esta moción.

Polo grupo municipal do Partido Popular, o seu concelleiro, José Daniel Rodicio Pérez, anticipa que o sentido do voto do seu grupo vai ser en contra da moción polas razóns que expón a continuación.

Na última mesa de diálogo, sinala, os sindicatos levantáronse e racharon por terceira vez as negociacións. Ás veces non lles valía a oferta, outras non lles valen os negociadores: non teñen vontade de negociar. A Xunta nunca se levantou da mesa de negociacións e acudiu a dez reunións. O problema sigue estando na cuestión económica, manteñen unhas posicións que son insasumibles para a Xunta con subas do 13,3%. Piden 225 euros mais ó mes por cada traballador. Unha suba para os funcionarios da Xustiza é xusta, afirma, de feito a Xunta ten feito unha oferta xenerosa de mais de 1.000 euros ó ano que os sitúa por riba da media estatal destes funcionarios, pero os sindicatos cualificárona de ridícula. Para un mileurista eso sería unha paga extra, para eles é ridícula. 1.080 € para xestores, 912 € para tramitadores, 816 € para auxiliares. A maiores hai que ter en conta que o goberno central anunciou outra

suba entre o 7 e o 8 por 100 para todos os funcionarios públicos nos próximos 3 anos. Cree o concelleiro que a maioría dos galegos non ve ridículo un aumento de 1.000 euros no seu salario e cree que sería inxusto e está seguro de que o comparten a maioría dos galegos de que cos cartos de todos se lles pague un aumento do soldo do 13,3%, uns 2.700 euros ó ano, para situarse no podio dos mellores pagados de España só destrás do País Vasco. A última oferta da Xunta, porque é boa, sobre todo se pode falar, afirma, pero os sindicatos non parecen dispostos a tratar temas como a mellora do servizo, que repercute directamente nos cidadáns, ou a consolidación de prazas. É un problema de querer cobrar máis.

A Xunta mellorou en tres ocasións a súa oferta económica, se alguén non quere mellorar non mellora tres veces a súa oferta, afirma. Na última presentada, con dúas importantes ofertas: adiantar o prazo da mellora salarial, de tres a dous anos, e unha nova suba salarial que suporía pasar a cobrar de entre 816 € e 1.080 € máis ó ano. A Xunta trasladou ás organizacións sindicais que ésta é a oferta límite que se pode ofrecer no eido retributivo por varias razóns. Con esta última oferta Galicia sobrepasa notablemente a media autonómica, dase cumprimento ó que pediu por unanimidade o Parlamento de Galicia en decembro. É a cuarta oferta que realiza a Xunta nesta negociación, non pode haber xa máis melloras no eido retributivo. A Xunta está disposta a falar doutros puntos que redunden na calidade do servizo. Fronte a isto as organizacións sindicais puxeron sobre a mesa novas esixencias e reivindicacións. Esixen unha cláusula de incorporación automática de subas salariais que aproben outras CC.AA, cláusula que non ten precedentes na normativa galega. Esixen unha suba salarial de ata o 13,3% do que cobran agora. Galicia pasaría a ser a Comunidade Autónoma que máis pagaría de entre as 15 comunidades autónomas de réxime común. Son peticións, como se pode apreciar, totalmente inasumibles, sinala o concelleiro. Esixen aplicar a suba salarial xa neste ano 2018, pese a que se lles insistiu en que a Lei o impide.

De todos modos, resulta curiosa a preocupación dos grupos municipais polas retribucións dos traballadores de Xustiza e pola mellora das súas condicións. Nas enmendas aos orzamentos da Xunta para o 2018 o único partido que presentou unha enmenda sobre este tema foi En Marea, PSOE e BNG, eiquí presentes non pediron nada, 0 euros. En Marea solicitou 49 euros/ano por traballador, vinte veces menos do que está ofrecendo a Xunta. A Xunta apela á responsabilidade das organizacións sindicais e dos traballadores; unha folga que afecta a milleiros de cidadáns e mesmo ós traballadores da Xustiza, que por cada día de folga van deixar de percibir unha porcentaxe da súa nómina. Os cidadáns galegos non teñen por qué ser rehéns dun conflito que non lles compete, polo que o Goberno galego espera que se poda chegar a un acordo e se levante xa a actual situación de folga indefinida. Ademais da oferta de suba retributiva, a Xunta tamén trasladou outras melloras importantes: máis emprego, 36 novas prazas nos Xulgados, falamos de emprego público de calidade; creación de 7 prazas de psicólogo de atención á vítimas nas sete cidades galegas; máis salarios en violencia de xénero; unha suba a maiores de ata 1.200 euros por traballador; un complemento lineal por cumprimento de obxectivos e ampliación dos permisos de paternidade e maternidade. Son melloras que repercuten directamente nos cidadáns, pero iso ós sindicatos non parece importarlles demasiado.

Piden novos negociadores, os que hai son o Director Xeral de Xustiza e o Director Xeral da Función Pública, cos que levan negociando semanas e cos que teñen mantido numerosas reunións. Dicur agora que non os recoñecen é unha mostra máis de que buscan excusas para non negociar, como cando dixeron que a oferta da Xunta de máis de 1.000 euros ó ano era ridícula. A Xunta non esixe quén debe representar ós traballadores, teñen cambiado varias veces de representantes ó longo das negociacións. Non tería sentido que asistisen os secretarios xerais de cada sindicato, e tampouco ten sentido que cada

sindicato decida quén representa á Xunta. A modo de resumo, sobre o estado da negociación explica:

1. **Retribucións salariais.** A Xunta ofrece un incremento adicional, un complemento autonómico de entre 816 euros e 1.080 euros anuais, segundo a categoría, o que situaría a Galicia por riba da media do conxunto das CC.AA, trátase de subas que se materializarían nos exercicios 2019 e 2020 porque sería ilegal facelo antes. Ademais percibirán os aumentos que se aplicarán a todos os empregados públicos que segundo o Goberno Central serán de entre o 7 ou 8 por 100 nos vindeiros 3 anos.
2. **Consolidación de prazas.** Convirtiranse en fixos 36 postos de reforzo. Esas prazas, de chegar a un acordo cos sindicatos, poderán ser ofertadas no seguinte concurso que se convoque, o que permitirá trasladarse a Galicia funcionarios galegos que están fora da nosa Comunidade Autónoma. O custe desta medida supera o millón de euros. Son 6 novas prazas de xestión, 24 de tramitación e 6 de auxilio xudicial, das cales 16 serían na provincia da Coruña, 5 en Lugo, 5 en Ourense e 10 en Pontevedra.
3. **Reposición de prazas amortizadas en ámbitos de especial afectación.** Aquelas prazas incluídas no plan de reordenación que non fosen obxecto de creación noutro órgano ou servizo serán creadas negociadamente onde sexa necesario, particularmente en servizos comúns que centralicen e melloran os servizos prestados ó cidadán no marco da nova Oficina Xudicial. Xa foron creadas, entre outras, 5 prazas nos Xulgados de Lalín, Viveiro e Sarria; 26 prazas nas fiscalías, coas 31 prazas nos novos Xulgados que comenzaron a funcionar o 31 de xaneiro. Ofrécese un compromiso de equivalencia na ordenación de prazas para situalas onde sexa mais necesario.
4. **Incapacidades temporais.** A modificación do réxime legal aplicable ó persoal da Xunta que é o mesmo do empregados públicos que cobran unha nómina da Xunta supeditase á normativa de aplicación do Estado que se está a negociar a nivel nacional. Se se chega a un acordo a nivel nacional aplicarase en Galicia. Sen prexuízo do anterior ofrécese a apertura inmediata dunha mesa de negociación para estudar as situacións dos supostos que excepcionaron os descontos.
5. **Substitucións.** Ofreceuse modificar a normativa de xeito inmediato para incluír a pecepción dunha cantidade adicional de modo que o novo persoal dun corpo funcional inferior que faga substitucións nun posto superior perciban a mesma remuneración e terá efectos económicos dende o primeiro día do mes en que se asine o acordo.

Todos estes puntos, conclúe o concelleiro, son unha suma de propostas razoables que teñen en conta a situación de Galicia, a situación de Galicia en relación co resto das CC.AA e as posibilidades que teñen en Galicia. ¿Cál é a suba prevista para os funcionarios e empregados no concello de Allariz de este ano para o ano que ven?, pregunta o concelleiro. ¿Acaso chega ó 13,3% prevista?, conclúe.

En todo caso, remata o turno de intervencións o Alcalde sinalando que agradece a defensa de argumentario feita polo concelleiro en relación ás posicións da Xunta de Galicia, pero tamén queremos entender que as posicións dos traballadores son razoables e xa está ben que estiveran pagando co seu poder adquisitivo, como tamén outros colectivos. Istes días faise evidente o que está a suceder en relación á revalorización das pensións e fai necesario a corrección desas políticas. Obviamente, trátase

dunha negociación e ten que haber unha solución, así o expresa a propia moción, mais alá do seu apoio ós traballadores, e polo tanto o BNG vaise reafirmar nese apoio.

Seguidamente sométese o asunto a votación, co seguinte resultado:

Votos a favor: 9

- BNG (8)
- PsdeG-PSOE (1)

Votos en contra: 2

- PP (2)

Declárase aprobada por acordo da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación a moción de data 20.02.2018 presentada polo PsdeG-PSOE sobre o apoio ás reivindicacións dos funcionarios de xustiza de Galicia.

11. Rogo e preguntas.

Non se presentaron por escrito nin rogos nin preguntas.

O grupo municipal do Partido Popular tampouco presenta preguntas nin rogos orais.

Polo grupo municipal do PsdeG-PSOE, a súa portavoz, Zaida Rodríguez Camba, formula oralmente as seguintes:

11.1 Na rúa Alfredo Nan, no tramo que bordea os almacens de Babarro e baixando pola beira do río, está nun estado de conservación lamentable, a degradación da capa asfáltica precisa dunha urxente reparación. O deterioro da capa de rodadura e as múltiples fochancas fai moi complicada a circulación de vehículos e persoas por ese tramo, por eso **roga que por parte do concello se proceda á reparación urxente dese tramo da rúa Alfredo Nan mudando a súa capa asfáltica** para unha mellor mobilidade dos veciños e veciñas da zona que padecen a cotío o seu deterioro.

Responde o Alcalde sinalando que o BNG tense dirixido á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, que é a titular desa vía, demandando a súa intervención e demandando tamén a realización de pasos elevados similares ós que se teñen realizado polo concello na rúa Emilia Pardo Bazán, xunto coa realización de pasos elevados, entre outras melloras, na zona do Piñeiro. En definitiva, en relación a este rogo reiterarase esta petición á Consellería titular da vía.

11.2 Quere **saber se o concello de Allariz colabora coa Fundación Manuel María de**

Estudos Galegos.

Responde o Alcalde sinalando que, afectivamente, mediante un convenio que hai coa coa Fegamp estamos adheridos a ese acordo de apoio ás súas iniciativas. É un convenio amplo no que o concello pode realizar accións ou asumir as propostas que considere dentro das ofertadas pola Fundación e tamén en base a unha interlocución directa que temos mantido.

11.3 O grupo municipal socialista solicita que se lles facilite unha relación das actuacións en materia de reparación de vías municipais que vai acometer o concello, tramos, situación e orzamento de cada actuación.

Responde o Alcalde sinalando que xa deu conta de que se incluírían actuacións por un gasto aproximado de 200 mil euros no conxunto de redes viarias que se encontran en peor estado. Estanse elaborando neste momento os proxectos técnicos para o Plan Provincial, cun custe de 100 mil euros, no que se incorporará unha parte importantes destas vías; está en licitación neste momento a mellora e asfaltado do camiño entre Acea de Meire-Santo Estevo-Casas Novas incluída no plan de mellora de camiños rurais 2017-2018 e está solicitada a Agader unha mellora de 45.000 euros. Estes proxectos están á súa disposición na secretaría do Concello. Estas son intervencións de obra maior, e a maiores o concello fará o mantemento ordinario da rede viaria.

11.4 Despois de acometer as **obras de mellora da praza do Matadoiro**, da que nos enteramos polos xornais, roga que se faga algún tipo de acondicionamento tamén para que o espazo multifuncional do Matadoiro sexa máis e mellor utilizable.

Responde o Alcalde sinalando que acepta o rogo pero ten que indicar que no debate dos orzamentos do concello esta obra foi unha inversión da que se deu conta mesmo ante preguntas sobre as obras incluídas no Plan Allariz 2020 e tanto polo motivo do entorno do Casco Histórico no que se ubica a praza como en relación á dinamización económica priorizouse esa intervención de pavimentación da praza cun material máis acorde co propio entorno e tamén para facilitar a dinamización económica que o mercado da Reserva da Biosfera estimula, e polo tanto ésa é a razón desa intervención.

11.5 **O alumado da praza da Torre Lombarda** está totalmente fundido e non se ve absolutamente nada.

Responde o Alcalde sinalando que comprobará se hai aviso para o mantemento.

E non tendo mais asuntos que tratar, o Sr. Alcalde, dando por terminada a sesión, ordenou o seu levantamento, ás vinteunha horas e quince minutos do mesmo día do seu comenzo, do que eu, como Secretario, certifico e dou fe.

O ALCALDE, *Francisco García Suárez.*

Dou fe, o Secretario, Maximino Jardón Pedras.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE